



## LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique  
 Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Castro Oliva, Manuel  
 Cidrás Pidre, José  
 De Oca Cancela, Guillermo  
 De Vicente Remesal, Javier  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fandiño Alonso, Xaime  
 Fernández Álvarez, Antón  
 Fernández Saborido, Anxo Manuel  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 Gómez Gude, Jorge Juan  
 González Piñeiro, Luis  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Legido Soto, José Luis  
 Martínez Cobas, Xavier  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Méndez Franco, Óscar  
 Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
 Pousada Carballo, José M<sup>a</sup>  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rey García, Daniel  
 Rodríguez Berrocal, Francisco  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Rubiños López, J. Óscar  
 Sánchez Bello, Patricio A.  
 Suárez Creo, Juan  
 Tojo Suárez, José E.  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Vázquez López, Ezequiel M.

### Desculpan a súa asistencia:

Elena Rivó López

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 9 de maio de dous mil cinco, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e as 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O luns, día 9 de maio de 2005, ás 10:35 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 2 de marzo de 2005.
  2. Informe do reitor.
  3. Aprobación, se procede, da “Memoria Económica 2004” da Universidade de Vigo.
  4. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
  5. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.
  6. Última fase do plan de tráfico: autorización, se procede, para a actuación da Policía Local no Campus de Vigo.
  7. Convocatoria de prazas para habilitación nacional.
  8. Aprobación, se procede, do acordo sobre as prazas de profesorado contratado para o curso 2005-06.
  9. Aprobación, se procede, da delegación na COAP do concurso de profesorado contratado para o curso 2005-06 e da contratación de profesores visitantes.
10. Renovación, se procede, do acordo de transformación de profesores PP1 en asociados T2TC para o curso 2005-06.
  11. Aprobación, se procede, da normativa sobre medidas facilitadoras para a xubilación voluntaria do profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios.
  12. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: “Especialista en tradución multimedia”, “Máster en química teórica e computacional” e “1º máster/especialista en economía e xestión da pesca e da acuicultura”.
  13. Resolución dos recursos dealzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polos seguintes alumnos: D. Angel C. Domínguez Landín, D. Rubén Nóvoa Nanín, Dna. Yolanda Rilo Arteaga, D. Jaime Salgado Pérez e Dna. Angeles Trabada Crende.
  14. Plan de calidade docente: Presentación da proposta de seguimento do rendemento escolar do alumnado da universidade de Vigo e proposta do procedemento administrativo da avaliación curricular. Presentación e aprobación, se procede, dun programa especial de accións de impulso para a implantación dos procesos do EEES.

15. Aprobación, se procede, dos regulamentos de réxime interno da Facultade de Dereito e dos Departamentos de Dereito público especial e de Enxeñería eléctrica.
16. Validación, se procede, de transferencias de crédito e xeracións de crédito.
17. Memoria CACTI ano 2004.
18. Aprobación, se procede, da modificación do anexo ao convenio entre a Consellería de Educación e a Universidade de Vigo aprobado na sesión do día 11 de maio de 2004.
19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico entre a Pontificia Universidade Católica de Río Grande do Sul (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Central “Marta Abreu” de las Villas (Cuba) e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre a Universidade de Magallanes (Chile) e a Universidade de Vigo – Convenios marco e específico de colaboración entre a Universidade Antenor Orrego (Perú) e a Universidade de Vigo – Protocolo entre a Universidade do País Vasco e a Universidade de Vigo para a adhesión da Universidade de Vigo ao convenio de organización do programa de doutoramento de Enxeñería Térmica entre a Universidade do País Vasco e a Universidade da Rioxa – Convenio de cooperación entre a Universidade Politechnika Slaska (Polonia) e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración para o desenvolvemento do máster europeo en química teórica e computacional – Convenio específico de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para a realización do programa de doutoramento interuniversitario en ciencia e tecnoloxía de materiais – Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a contratación de doutores dentro do programa Isidro Parga Pondal – Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e o CSIC para a contratación de doutores dentro do programa Isidro Parga Pondal – Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e ordenación universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos – Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia – Convenio marco e específico de colaboración entre a Akademia Górniczo-Hutnicza (Polonia) e a Universidade de Vigo.
20. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (1 PDI e 2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI e 1 membro do Consello Social).
21. Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 2 de marzo de 2005.

A secretaria xeral informa de que é preciso corrixir no punto 5 o nome do “Departamento de tradución e interpretación” por “Departamento de tradución e lingüística” as tres veces que se cita.

Así mesmo informa dun escrito presentado polo director da E.U. de empresariais, D. Patricio Sánchez Bello, no que comunica a súa ausencia na continuación pola tarde do Consello de Goberno e solicita que se inclúa o devandito escrito na acta.

Apróbase por asentimento a acta coa corrección e inclusión sinaladas.

**Punto 2.- Informe do reitor.**

O reitor informa do seguinte:

- En relación coas noticias filtradas nos últimos días á prensa referentes ao catálogo de titulacións sinalou que non hai nada definitivo e non se espera que estea listo o borrador ata finais de setembro. Non obstante, e en relación co que apareceu na prensa os temas máis importantes relacionados coa Universidade de Vigo son:

No ámbito científico desaparece como titulación de grao a titulación de Ciencias do mar (actualmente de 1º e 2º ciclo) que pasa a un posgrao, sen embargo aparecen outras que non existían nin de 1º ciclo nin de 1º e 2º ciclo. Isto lle parece unha incoherencia e está convencido de que non vai ser así.

No ámbito das humanidades o proceso é complicado e na nosa universidade afecta fundamentalmente ao tema das filoloxías.

No ámbito tecnolóxico desaparecen como títulos de grao titulacións como Enxeñería industrial que se propón como posgrao, pero é un asunto do que aínda queda moito por falar, o debate está aberto e o próximo 25 de maio hai unha nova reunión da subcomisión.

No ámbito xurídico social parece que é onde hai menos cambios, agás os que se refiren ás titulacións de mestre. Hai unha proposta que é boa para esta universidade que é a titulación de 1º ciclo de Ciencias do traballo, xa que consistiría en converter a que temos de Relacións laborais nesta titulación.

Non obstante todo isto está pendente da reunión das subcomisións dos diferentes ámbitos, reunión do Consejo de coordinación universitaria e a continuación habería un prazo de consulta entre o ministerio e as comunidades autónomas, polo que o tema aínda non está pechado.

- En relación cos procesos do EEES está habendo unha convocatoria para impulsar e mobilizar a súa implantación por parte do Ministerio de educación apoiado nas comunidades autónomas. No punto 14 da orde do día trátase de accións de impluso principalmente en relación cos equipos decanais ou directivos que apoiem esta participación.

- O equipo de goberno está preparando un documento de partida sobre o posicionamento da Universidade de Vigo no tema do posgrao e se traerá a un próximo consello.

- Da sinatura dun convenio con Caixanova por importe de medio millón de euros.

- Das xestións que a universidade está a realizar para asinar un convenio co Concello de Vigo que permita reducir progresivamente a achega da universidade á empresa de transporte urbano pola cobertura do servizo ao campus.
- Da decisión da Consellería de educación de instalar a titulación de Arte dramático nun centro de ensino secundario de Bouzas. Aínda que inicialmente estaba previsto situala en Cidade Universitaria, as condicións necesarias do teatro non se cumprían polo que era preciso facer inversións e de aí o cambio.
- Da concesión dun premio UNICEF á universidade no campo do voluntariado e da sensibilización na defensa dos dereitos dos nenos e das nenas. Entregárase en Madrid o vindeiro 27 de maio.
- Da posta en marcha dun novo título propio “Graduado universitario en Ciencias policiais e Detective privado”, con contidos de tipo xurídico e científicos e que será impartido conxuntamente pola Facultade de ciencias xurídicas e do traballo e pola Escola técnica superior de enxeñería industrial.
- Da baixa do profesor Enrique Valero como membro do Consello de Goberno polo seu cese como director da E.U. de Enxeñería técnica forestal.
- Da invitación a asistir con voz pero sen voto:

punto 11: D. J. Santamaría Conde (presidente da Xunta do PDI funcionario)

punto 14: D. Manuel Fernández Iglesias (Comisionado para o EEES).

Ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Rodríguez Fuentes, director da E.U. de Fisioterapia, pide información polos títulos do ámbito de Ciencias da saúde.

O reitor di que está na subcomisión de ciencias e parece que os cambios teñen lugar máis ben en relación coas ciencias da vida e non con ciencias da saúde.

O profesor Tojo pide información sobre a situación da antiga Reitoría.

O reitor di que o concello quere rescatar ese edificio e o precio xa está acordado coa universidade pero no derradeiro pleno os conceptos relacionados con incorporación de remanentes quedaron pendentes probablemente por unha cuestión electoral, espera que volvan ao próximo pleno.

**Punto 3.-** Aprobación, se procede, da “Memoria Económica 2004” da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de planificación fai un resumo da información máis destacada que contén a Memoria económica 2004: estado de liquidación dos gastos e dos ingresos, definición do remanente de tesourería e unha información ampla sobre todo o proceso de gasto da institución. Conclúe dicindo que a memoria reflicte unha situación financeira da universidade aceptable,

estable e relativamente cómoda que nos conduce a dispoñer no día de hoxe dun remanente de libre disposición de 4.3 millóns de euros adicionais ao orzamento do ano 2005.

O profesor Ramos intervéñ para preguntar pola memoria das contas de Cidade universitaria xa que non figuraba no documento depositado no rexistro xeral.

A secretaria xeral informa de que a parte correspondente ás contas de Cidade universitaria incorporouse dous días máis tarde ao resto da Memoria económica.

O profesor Legido pregunta cal foi o gasto dos departamentos comparado co ingreso anual nos mesmos.

O vicerreitor comprométese a buscar esa información e traela ao próximo Consello de Goberno.

Sométese a votación a aprobación da “Memoria económica 2004”:

Votos a favor .....	28
Votos en contra.....	0
Abstencións .....	8

Queda aprobada a “Memoria económica 2004” da Universidade de Vigo.

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.

O vicerreitor explica a proposta de actuacións nas que se vai investir os 4.3 millóns de euros de remanente.

Así mesmo solicita incorporar unha cantidade de 6.000 euros que por un erro non aparece no documento.

Interveñen os profesores Ana Pita e Legido para preguntar pola instalación de 3 ascensores na Facultade de ciencias xurídicas e do traballo e de aire acondicionado nos laboratorios de Física aplicada no edificio de Ciencias experimentais respectivamente.

O vicerreitor en resposta a primeira pregunta di que necesita un acordo da Xunta de facultade no que se renuncie a eses espazos que teñen que ser ocupados polos ascensores e unha vez que o teña comprométese a facelo en canto sexa posible. En relación co aire acondicionado cre que se o proxecto está visado pola Unidade técnica o Director de área de infraestructuras probablemente o poida encaixar.

Rematadas as intervencións, apróbase o punto por asentimento.

**Punto 6.-** Última fase do plan de tráfico: autorización, se procede, para a actuación da Policía Local no Campus de Vigo.

O vicerreitor de planificación informa de que para que a policía local poida actuar nas rúas internas do campus é necesario o permiso do Consello de Goberno e a carta do reitor autorizando esa actuación, por iso presenta os dous temas. Vaise comezar cunha fase de divulgación e de utilización de pegatinas e o tema das sancións deixarase para o principio do curso próximo. Trátase de que o requirimento estea pautado pola oficina técnica e que a denuncia se produza soamente en casos extremos.

O profesor Ramos pide que tamén se tome algunha medida cos condutores de Vitrasa xa que aparcan onde lles parece.

O señor Óscar Méndez aínda que está a favor da autorización considera que hai un problema co aparcadoiro para os alumnos da E.T.S. de Enxeñería industrial xa que (probablemente debido ás obras) non chega o sitio para aparcar. É consciente de que se están a infrinxir moitas normas pero fisicamente o espazo non é suficiente e pide ter en conta este problema antes de actuar.

O vicerreitor di que nos aparcadoiros da E.T.S. de Enxeñeiros de telecomunicación e por debaixo da reitoría sempre hai prazas libres pero tratará de ter en conta o problema suscitado.

A profesora Pita Grandal pide que se revisen as condicións do aparcadoiro da parte superior da Facultade de ciencias xurídicas e do traballo, xa que cando chove inúndanse e están cheos de barro.

O reitor di que ese e un tema distinto e que se tome nota do mesmo pero agora do que se trata e de impedir que se aparque en sitios onde se pode facer moito dano.

Pide aprobar este punto por asentimento pero o señor Óscar Méndez quere absterse, polo que se somete a votación:

Votos a favor de conceder a autorización.....	30
Votos en contra de conceder a autorización .....	0
Abstencións.....	2

Queda aprobada a autorización do Consello de Goberno para a actuación da policía local no campus de Vigo (ver Anexo I).

**Punto 7.-** Convocatoria de prazas para habilitación nacional.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da proposta de solicitude de 4 prazas de TU, unha por cada ámbito científico, para PDI desta universidade que se habilitou en concursos de habilitación nacional en prazas pedidas por outras universidades:

Dona Rosana Álvarez Rodríguez (contrato Ramón y Cajal) Área 765 (Química orgánica).  
 Dona María Rosa Alonso Alonso (asociado-T3P6) Área 345 (Filoloxía inglesa).  
 D. Íñigo Cuiñas Gómez (contrato Parga Pondal) Área 800 (Teoría do sinal e comunicacións).

D. Pablo Raúl Bonorino Ramírez (asociado-3P6) Área 381 (Filosofía do dereito).

As solicitudes veñen todas co visto e praxe do Departamento agás a da área de Filosofía do dereito que ven co acordo maioritario da área, xa que ao consello de departamento non lle deu tempo a reunirse.

Dado o actual sistema de habilitación esta aprobación tería carácter excepcional en atención aos méritos dos solicitantes e non eliminaría nin restaría cupos de prazas en plans de promoción futuros.

A urxencia de aprobalas agora é que o prazo para solicitar as habilitacións do ano 2005 remata mañá, día 10 de maio.

Apróbase por asentimento a proposta tendo en conta a excepcionalidade da mesma.

**Punto 8.-** Aprobación, se procede, do acordo sobre as prazas de profesorado contratado para o curso 2005-06.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa das diferenzas máis importantes entre esta proposta e a de anos anteriores: substitúense os conceptos de carga docente consolidable e capacidade docente consolidable polos de carga docente básica e capacidade docente básica e que poderá solicitarse unha praza de axudante, profesor axudante doutor ou profesor contratado interino cando na área de coñecemento exista un déficit entre a capacidade docente básica e a carga docente básica igual ou superior a 24 créditos.

O requisito esixido para ser contratado como profesor asociado é acreditar un mínimo de dous anos de exercicio profesional fóra do ámbito docente universitario ao longo dos últimos cinco anos.

En relación cos profesores visitantes a COAP propón cambiar o último parágrafo por “Tamén poderían ser contratados como profesores visitantes investigadores doutras universidades ou centros de investigación que foran seleccionados mediante convocatoria pública estatal, autonómica (asimilables a FPI) ou europea”.

Apróbase o acordo por asentimento coa modificación proposta pola COAP (Anexo II).

**Punto 9.-** Aprobación, se procede, da delegación na COAP do concurso de profesorado contratado para o curso 2005-06 e da contratación de profesores visitantes.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.-** Renovación, se procede, do acordo de transformación de profesores PP1 en asociados T2TC para o curso 2005-06.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.-** Aprobación, se procede, da normativa sobre medidas facilitadoras para a xubilación voluntaria do profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios.

Intervén a vicerreitora de organización académica e profesorado para presentar e explicar a proposta sobre medidas facilitadoras para a xubilación voluntaria do profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios que estea en condicións de solicitala por cumprir os requisitos esixidos na lexislación vixente.

Di que este modelo xa está implantado en varias universidades e que se se aproba a proposta presentada habería que aquilatar algunhas cuestións formais e técnicas.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Legido di que lle parece unha medida un pouco precipitada, non ve a necesidade de tomar este acordo e preocúpalle que máis adiante sexa preciso dar marcha atrás. Cre que é mellor arbitrar medidas puntuais máis lóxicas como por exemplo organizar o POD dun xeito máis racional.

O profesor Suárez pregunta se existe o compromiso de poñelo en funcionamento para o 1 de outubro.

Contesta a vicerreitora a esta última pregunta dicindo que se se aproba hoxe sería para aplicalo xa para o curso próximo, xa que so quedarían pendentes cuestións puntuais.

O profesor Membiela di que está moi de acordo con esta medida xa que é un dereito que teñen os traballadores. Xa se está levando a cabo en primaria e secundaria e ademais é bo para a universidade xa que implica un rexuvenecemento do cadro de persoal.

O reitor di que esta proposta entra dentro da política do equipo e destaca tres aspectos:

- Trátase dunha medida voluntaria.
- Aínda que na nosa universidade non estamos nunha situación de envellecemento do cadro de persoal esta medida axudará a rexuvenecelo sobre todo pensando a longo prazo.
- Antes de traer a proposta fíxose un estudo do que podería significar para a universidade desde o punto de vista económico chegando á conclusión de que aínda no caso extremo de que houbera que substituír praza por praza aforraríanse cartos.

O profesor Legido insiste en que estas medidas se se toman apresuradamente despois a veces hai que cambialas. Di que lle gustaría que fose unha medida xeral para todas as universidades.

O profesor Rodríguez Berrocal di que lle parece unha medida positiva xa que permitiría rexuvenecer o cadro de persoal e que as persoas que permanecen soamente por motivos económicos poidan acollerse á mesma. Aplauda a proposta e ademais tranquilízalle saber que o custo sexa inferior ao aforro. Conclúe a súa intervención pedindo que esta medida non dependa dos presupostos da universidade e que non sexa excepcional senón que se poida manter.



A vicerreitora informa de que na COAP acordouse que na redacción definitiva se garanta a actualización co IPC.

O xerente insiste en que hai temas da redacción que hai que concretar e que se recollerán no documento definitivo.

Despois de varias intervencións dos profesores González Piñeiro, Pita Grandal, Membiela e o Sr. Xerente o reitor dálle a palabra ao profesor Santamaría Conde, presidente da Xunta do PDI funcionario, que manifesta os mellores desexos para a nova situación ao ex xerente, D. Augusto Viso, e felicita ao novo xerente D. Manuel Castro. En relación co punto que se está tratando informa de que dos 21 membros da Xunta do PDI, 18 aprobaron esta medida e 11 deses 18 entenden que este tema debe ser tratado na Xunta do PDI, polo que traslada ese rogo e ademais cre que hai que combinalo con outras medidas.

Rematadas as intervencións, apróbase por asentimento a medida quedando pendente da redacción definitiva na que se inclúan os matices sinalados. (Anexo III)

**Punto 12.-** Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: “Especialista en tradución multimedia”, “Máster en química teórica e computacional” e “1º máster/especialista en economía e xestión da pesca e da acuicultura”.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 13.-** Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polos seguintes alumnos: D. Angel C. Domínguez Landín, D. Rubén Nóvoa Nanín, Dna. Yolanda Rilo Arteaga, D. Jaime Salgado Pérez e Dna. Angeles Trabada Crende.

O vicerreitor de innovación e calidade invorma da proposta aprobada pola COAP de ampliar dous puntos á presentada (e aprobada) no Consello de Goberno do 27 de xaneiro para informar sobre os recursos no proceso de admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular (ver Anexo IV).

Tendo en conta estes criterios, a proposta da COAP é de desestimar os recursos de alzada presentados polos alumnos D. Rubén Nóvoa Nanín (Estatística) e Dona Ángeles Trabada Crende (Economía empresa II).

A continuación o vicerreitor informa dos recursos de reposición presentados polos alumnos D. Jaime Salgado Pérez (Viabilidade e creación de empresas), D. Ángel Carlos Domínguez Landín (Operacións básicas II) e Dona Yolanda Rilo Arteaga (Matemáticas II) e somete ao Consello de Goberno a conveniencia de aplicar os criterios presentados no Anexo IV.

Despois dun breve debate no que o vicerreitor contesta a preguntas do profesor Sánchez Bello, apróbanse por asentimento ambas propostas.

Da aplicación desta proposta resulta a desestimación dos recursos de reposición dos alumnos D. Jaime Salgado Pérez e D. Ángel Carlos Domínguez Landín e a estimación do recurso da alumna Dona Yolanda Rilo Arteaga, o que se notificará ao vicerreitor con delegacións neste tema.

**Punto 14.-** Plan de calidade docente: Presentación da proposta de seguimento do rendemento escolar do alumnado da universidade de Vigo e proposta do procedemento administrativo da avaliación curricular. Presentación e aprobación, se procede, dun programa especial de accións de impulso para a implantación dos procesos do EEES.

O vicerreitor de innovación e calidade presenta en primeiro lugar as dúas propostas de seguimento do rendemento escolar do alumnado e a de establecer un procedemento administrativo da avaliación curricular e que forme parte do plan de calidade.

O profesor Sánchez Bello pregunta se se poden facer suxestións a estes documentos e lamenta que non se traia dunha vez unha proposta de nova normativa de avaliación curricular.

O vicerreitor di que a proposta xa foi presentada na COAP, está en fase de alegacións e espera rematala a finais de mes.

O profesor Tojo cre que sería bo que na proposta sobre o seguimento do rendemento escolar se sometese a debate, di que habería que revisar algúns indicadores e que lle gustaría máis “rendemento académico” en lugar de “rendemento escolar” e propón traela a aprobación polo Consello de Goberno unha vez matizada coas suxestións que se formulen.

O reitor propón que os membros do Consello de Goberno lle fagan chegar ao vicerreitor suxestións e achegas e despois de melloralas traela a aprobación ao próximo Consello de Goberno.

En relación coa segunda parte do punto o vicerreitor di que se trata de participar nun programa especial de accións de impulso á implantación dos procesos do EEES en colaboración con programas coordinados con institucións estatais e da comunidade autónoma e nos que a Universidade de Vigo participará cunha achega de 60.000 €, a Consellería de Educación de 30.000 € e a achega do MEC estímase nuns 190.000 €, o que significa un total de 280.000 €

Intervén o profesor Manuel J. Fernández Iglesias comisionado para o EEES aclara que o prazo para participar nestes programas remata o mércores e basicamente o que se trata e de ir xerando experiencias de verdade como son o de implantar os primeiros cursos como experiencia piloto, etc.

Despois dun breve debate o reitor di que non hai aínda un programa concreto de accións ata que a convocatoria xurda efectos e se saiba exactamente a dotación económica concedida.

Apróbase por asentimento a proposta. (Anexo V)

**Punto 15.-** Aprobación, se procede, dos regulamentos de réxime interno da Facultade de Dereito e dos Departamentos de Dereito público especial e de Enxeñería eléctrica.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 16.-** Validación, se procede, de transferencias de crédito e xeracións de crédito.

O xerente informa de que hai unha serie de transferencias e xeracións de crédito que segundo o artigo 4 das normas de execución do orzamento para o exercicio 2004 corresponde aprobar ao Consello de Goberno e que corresponden a:

- Programas de calidade.
- Dotación de laboratorios docentes.
- Etc.

Nas normas de execución do orzamento 2005 xa se delegou no xerente polo que xa non será necesario traelas a este Consello de Goberno.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 17.-** Memoria CACTI ano 2004.

En ausencia do vicerreitor de investigación que podería dar un informe máis completo, o reitor sinala que entre os datos máis salientables temos que:

- A recta de crecemento de facturación persiste.
- Aumentou a facturación a usuarios externos ao CACTI (empresas e organismos públicos de investigación).

**Punto 18.-** Aprobación, se procede, da modificación do anexo ao convenio entre a Consellería de Educación e a Universidade de Vigo aprobado na sesión do día 11 de maio de 2004.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que hai unha serie de titulacións que desexa incorporar a este convenio, no Anexo VI figuran as novas titulacións e os ciclos de F.P. de grao superior cos que se corresponden.

Apróbase por asentimento.

**Punto 19.-** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico entre a Pontificia Universidade Católica de Río Grande do Sul (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Central “Marta Abreu” de las Villas (Cuba) e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre a Universidade de Magallanes (Chile) e a Universidade de Vigo – Convenios marco e específico de colaboración entre a Universidade Antenor Orrego (Perú) e a Universidade de Vigo – Protocolo entre a Universidade do País Vasco e a Universidade de Vigo para a adhesión da Universidade de Vigo ao convenio de organización do programa de doutoramento de Enxeñería Térmica entre a Universidade do País Vasco e a Universidade da Rioxa – Convenio de cooperación entre a Universidade Politechnika Slaska (Polonia) e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración para o desenvolvemento do máster europeo en química teórica e computacional – Convenio específico de colaboración entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para a realización do programa de doutoramento interuniversitario en ciencia e tecnoloxía de materiais – Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a

Universidade de Vigo para a contratación de doutores dentro do programa Isidro Parga Pondal – Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e o CSIC para a contratación de doutores dentro do programa Isidro Parga Pondal – Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e ordenación universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos – Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia – Convenio marco e específico de colaboración entre la Akademia Górniczo-Hutnicza (Polonia) e a Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 20.-** Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (1 PDI e 2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI e 1 membro do Consello Social).

Non hai eleccións porque non hai ningunha candidatura presentada.

**Punto 21.-** Rogos e preguntas.

O profesor Sánchez Bello pregunta se non sería conveniente establecer un debate sobre o novo calendario escolar entre os colectivos implicados.

O reitor di que desde que se presentou neste Consello de Goberno informouse a todos os membros do Claustro e deuse a coñecer aos estudantes. Xa houbo varias reunións cos representantes dos estudantes que á súa vez fixeron reunións nos centros.

No último consello do campus de Ourense tratouse tamén ese tema e agora vaise levar ao claustro para debate xa que é o órgano colexiado que debe impulsar a súa implantación.

Se as xuntas de centro queren algún debate sobre este tema non hai problema, poden obter información a través do reitor, da secretaría xeral ou do comisionado para o EEES.

Nun Consello de Goberno que se celebrará despois do claustro aprobarase o calendario concreto para o próximo curso.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 9 de maio de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe